


# Racismo e Xenofobia en Galicia



## INFORME ANUAL 2018

### Resumo executivo



Colabora



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



CORUÑA  
PRÓXIMA

## 1. Introducción

Desde 1995, a Federación de Asociacións de SOS Racismo do estado español vén analizando a situación do racismo e a xenofobia en España e en Europa mostrando as diferentes tipoloxías e espazos onde se manifesta a través da elaboración dun Informe Anual.

É en 2014 que SOS Racismo Galicia, reconstitúese na Coruña de mans dunha nova Xunta Directiva e comeza a formar parte da Federación de Asociacións de SOS Racismo do estado español e participa na elaboración do Informe anual sobre Racismo e Xenofobia no estado español.

A primeira fonte para a elaboración do Informe Anual constitúena as vulneracións e denuncias que se recollen nas Oficinas de Información e Denuncia (OID) en Galicia (A Coruña e Vigo) e que corresponden a diferentes tipos de discriminación por motivos racistas: discriminación laboral, no acceso a prestacións públicas, conflitos veciñais, etc.

Durante o ano 2017 recolléronse un total de 70 vulneracións de dereitos, das cales destacan polo seu volume as correspondentes ao racismo institucional (tanto directo como indirecto) e os abusos de forzas de seguridade pública ou privadas. As 70 denuncias teñen nomes e apelidos, son persoas que viron violentados os seus dereitos por cuestións de rasgos fenotípicos, orixe, relixiosas ou étnicas. Unha parte destas vulneracións foron obxecto de procedementos xudiciais que en moitos casos rematarán de maneira insatisfactoria para a persoa denunciante. Porque se xa resulta difícil que un órgano xudicial aprecie o agravante de racismo nunha acción delituosa, conseguir a reparación da vítima ante actuacións discriminatorias no ámbito privado ou das relacións laborais é un labor complicado que require ferramentas legais e eficaces coas que non contamos hoxe en día.

Colabora

# RESUMO EXECUTIVO

A pesar de que dispoñemos da posibilidade de rexistrar casos de discriminación desde calquera lugar de Galicia a través da nosa páxina web, ([www.sosracismogalicia.org](http://www.sosracismogalicia.org)) o certo é que a implantación territorial e os propios medios cos que conta cada unha das oficinas de Galicia condiciona o número de casos recollidos. E por iso que a alteración estadística de casos recollidos en A Coruña fronte ó resto de provincias é notablemente moi superior, ó ser a única localidade que durante o último trimestre de 2017 contou con aportación económica a través do Concello da Coruña para este servizo.

Sen pretender por tanto ofrecer un estudo cuantitativo do número de incidentes discriminatorios producidos en Galicia durante o ano 2017, cremos que a mostra de 70 casos que ofrecemos a continuación supoñen un reflexo cualitativo da discriminación nas súas diferentes tipoloxías que nos aproxima a unha realidade que transcende o ámbito penal dos delitos de odio e que polos motivos arriba explicados (diferenza entre feito discriminatorio e feito denunciado, limitacións da entidade, etc.) resulta imposible cuantificar con precisión.

## 2. Principais resultados

**Tipos de discriminación rexistrados nas OID.** Tal como se desprende do seguinte diagrama de barras, a maior parte das denuncias que chegan ás OID de SOS Racismo Galicia teñen que ver co racismo institucional (56). Séguenlle xa certa distancia ó resto: Discriminación no acceso a servizos privados (7), discriminacións e condutas xenófobas entre particulares (5), discriminación laboral (1), ou casos relacionados coa extrema dereita ou o discurso do odio (1)

Colabora




Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



CORUÑA  
>PRÓXIMA

# RESUMO EXECUTIVO

## Vulneración de dereitos. Tipoloxías



Dos diferentes aspectos que engloba o racismo institucional, recolleemos todos aqueles casos relativos á discriminación tanto directa como indirecta no acceso a dereitos sociais, trámites de estranxeiría, nacionalidade, así como, vulneracións referidas a actuacións de corpos de seguridade. Este tipo de discriminación presentan un incremento moi significativo referente a anos anteriores.


O Racismo Institucional en 2016 supoñían o 16% do total de vulneracións; sendo no 2017 un 80% dos casos recollidos.

A discriminación indirecta na normativa en referencia ó acceso os dereitos sociais (sanidade, educación, recursos sociais...), o trato discriminatorio ou de vulneración de dereitos por parte de funcionariado público, así como, os incidentes relacionados con corpos policiais e persoal de seguridade privada foron obxecto de abundantes denuncias nos datos recollidos correspondentes a este último ano.

Colabora


# RESUMO EXECUTIVO

## Racismo Institucional



O racismo e a xenofobia á hora de realizar actos tan cotiás como alugar unha vivenda, abrir unha conta bancaria, ou desfrutar do ocio e tempo libre indo de compras ou tomando un café, segue a ser un dereito limitado para as


## Discriminación no acceso a servizos privados



persoas racializadas ou migrantes. Aínda que moi por detrás do Racismo Institucional, a discriminación no accesos a servizos privados supuxo un 10 % dos casos recollidos durante 2017.

Colabora

## RESUMO EXECUTIVO

**Discriminacións e condutas xenófobas entre particulares**

As denuncias recollidas por agresións racistas ou xenófobas durante o 2017 foron dun total de 5, fronte ós 4 casos recollidos en 2016, e os outros 4 en 2015.

Se consideramos necesario destacar, que dos 2 únicos casos

recollidos neste informe onde a vítima é menor de idade, é nesta tipoloxía. O discurso de odio escoitado a través dos medios de comunicación e as redes sociais, está favorecendo actitudes e comportamentos racistas incluso cara ás xeneracións máis novas.

O resto de tipos discriminatorios (discurso de odio e discriminación laboral) mantivéronse en niveis estables nos últimos tres anos.

### 3. Idade, orixe, situación administrativa e xénero.

En canto á idade, tan só dúas persoas eran menores de 18 anos. Para estudar a orixe das persoas denunciadas tívose en conta a representación de cada continente respecto da poboación estranxeira en xeral. A este respecto, as persoas procedentes do África Subsahariana, seguida das procedentes do Magreb, serían o colectivo máis discriminado, algo que xa se constataba no informe do pasado ano.


Colabora

# RESUMO EXECUTIVO

A situación administrativa é outro elemento importante á hora de analizar estes datos... A maioría son persoas en situación irregular, (42). Dun total de 70 casos recollidos, 21 afectaban a persoas en situación regular e 7 eran persoas racializadas de nacionalidade española. O anterior vén ratificar o feito xa constatado en anteriores informes de que a irregularidade é un elemento que contribúe a sufrir unha maior vulneración de dereitos ou discriminación pola situación de maior vulnerabilidade fronte ó resto da cidadanía.


Pola implicación que esto supón para a análise e propostas de intervención, neste informe tentamos estudar a variable xénero en cada un dos tipos de discriminación. En termos xerais apenas hai variacións, mais en ámbitos coma podan ser as agresións racistas ou actuacións de corpos e forzas de seguridade a proporción de homes é superior á de mulleres, e na discriminación indirecta e no abuso por parte de corpos de seguridade pública atopamos que a representación feminina é a máis violentada. Cabe destacar que un dato significativo é a situación administrativa, xa que nestes ámbitos a maioría dos homes atopábanse en situación administrativa irregular, e as mulleres eran nacionais ou en situación administrativa regular.

## Discriminación e vulneración de dereitos Clasificación por tipoloxía e sexo



## 4. Percorrido xudicial dos casos.

Non todos os casos que se recollen nas OID van ter unha resposta xudicial, ben porque o tipo de denuncia recibida non busca unha reparación senón máis ben deixar constancia dun feito que se considera contrario ao principio de igualdade de trato ou ben porque a vía xudicial non é a máis axeitada para a súa resolución. Na clasificación que SOS Racismo realiza dos casos que poden ser obxecto dalgún tipo de actuación temos asuntos xudicializados e non xudicializados. Respecto dos primeiros é importante sinalar que aquí se engloban denuncias que obtiveron algún tipo de acordo e que por tanto ou ben non chegaron aos xulgados ou interpoñéndose unha demanda o asunto finaliza cun acordo entre as partes. Están tamén os temas que se derivan á vía civil ou laboral. E finalmente asuntos que non son propiamente xudicializados senón que son vulneracións recollidas por entidades colaboradoras (actualmente Fundación Juan Soñador-Teranga da Coruña, e a ONG Viraventos). Feitas as anteriores puntualizacións, o número total de casos nos que se realizou algún tipo de actuación a maiores do asesoramento, foron 59 casos repartidos nas diferentes canles de resolución que comentamos:



Colabora



# RESUMO EXECUTIVO

Doutra banda, hai 38 casos nos que se ve posibilidades de ser tramitados a través dunha denuncia en vía penal ou a través doutras actuacións ante a administración. Con todo, a persoa denunciante manifesta expresamente que non desexa seguir por esta vía por medo a posibles contradenuncias, polo desgaste psicolóxico e emocional ó ser vítima e ter que xustificarse caendo o cargo de proba sobre ela, ou pola normalización deste comportamentos ou actitudes.

En resumo, as dificultades na interposición dunha denuncia son derivadas da actitude do denunciante pero tamén hai dificultades de orde procesual ou administrativo que deberían correxirse si reamente querease potenciar os baixísimos índices de denuncias que se realizan por actuacións discriminatorias.

## 5.Os delitos de odio en Galicia.

A pesar das modificacións do Código penal, as sentenzas recaídas por este tipo de delitos son moi escasas, o cal acredita a petición que desde hai anos leva realizando SOS Racismo respecto da necesidade de afrontar a discriminación desde unha perspectiva que transcenda o ámbito penal e abarque outras actuacións discriminatorias que se producen nas relacións privadas ou a propia administración.

Doutra banda, aínda que non está recollido neste informe por non dispoñer de Observatorio durante 2017, obsérvase unha tendencia que se mantén neste ano respecto ao chamado discurso do odio. Referímonos ao discurso racista e xenófobo emitido por moitos políticos, ao tratamento sensacionalista e manipulador por parte medios de comunicación, así como a multitude de comentarios e ameazas vertidas nas redes sociais, que á hora de xudicializar resulta moi complicado e habitualmente insatisfactorio para as vítimas.

Colabora

## 6. ANÁLISE E PROPOSTAS PARA POLÍTICA ANTIDISCRIMINATORIA.


- ✓ Esiximos aos diferentes grupos parlamentarios que no prazo máis breve alcancen os consensos necesarios para aprobar unha **Lei Integral en materia de igualdade de trato e non discriminación**. As propostas normativas presentadas son unha oportunidade para que por fin nesta lexislatura se cheguen aos consensos necesarios,
- ✓ O Goberno debe ampliar o foco da **discriminación en actuacións cotiás** que van creando o caldo de cultivo de actuacións máis graves, como a discriminación laboral, a producida en sectores como o inmobiliario, hostalaría, etc... que son tan importantes como os delitos de odio, promovendo **ferramentas legais** coas que agora non contamos
- ✓ A recente modificación do Código Penal precisa unha **lei específica que ordene os diferentes tipos penais relativos aos delitos de odio**. E do mesmo xeito que en anteriores ocasións, volvemos lembrar as especificidades das vítimas de actos discriminatorios que precisarían unha lei propia.
- ✓ Aínda que cada vez máis comézase a traballar nas aulas a prevención da discriminación como actividade puntual, é obriga da administración facilitar os recursos necesarios para incluír no **currículo educativo** de forma **transversal a prevención da discriminación negativa** o coñecemento das diferentes culturas, outras visións alternativas da historia, así como, a utilización de referentes propios cos que o alumnado poda sentirse identificado e visibilizado.


Colabora


## FICHA TÉCNICA


<b>Dirección:</b>	SOS Racismo Galicia
<b>Coordinación do Servizo:</b>	Zorahaida Casales Alonso Ana Corchete Reyes
<b>Redacción:</b>	Zorahaida Casales Alonso

### SOS Racismo Galicia

 Rúa Alcalde Lens, 34 1º C  
15010 A Coruña.

 Avda Martínez Garrido 27  
36205 – Vigo

 (+34) 698 163 742

 (+34) 678 811 714

 [info@sosracismogalicia.org](mailto:info@sosracismogalicia.org)

 [vigo@sosracismogalicia.org](mailto:vigo@sosracismogalicia.org)

Financiado por



SECRETARÍA GENERAL  
DE INMIGRACIÓN  
Y EMIGRACIÓN  
DIRECCIÓN GENERAL  
DE MIGRACIONES



UNIÓN EUROPEA  
FONDO DE ASILO,  
MIGRACIÓN E  
INTEGRACIÓN  
*Por una Europa plural*